

ORDE DE INICIO DO EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09

Expediente:	EX2021-09
Obxecto do contrato:	SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09
Tipo de contrato:	Servizo
Código CPV:	CPV 92000000-1 Servizos de esparcemento, culturais e deportivos
Valor estimado:	6.611,57 €
Orzamento base de licitación:	8.000,00 €
Duración:	12 meses
Procedemento de Tipo procedemento:	Adxudicación directa
Tipo de trámite:	Ordinario

FEITOS

ÚNICO. Neste expediente constan sendos documentos de:

1. MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO, INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS, XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO E ESPECIFICACIÓNS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09, dando conta da necesidade de contratación, da insuficiencia de medios e da existencia de crédito de abondo, así como dos restantes contidos obrantes no citado documento.
2. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO. A Comisión Executiva do FODO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE é o órgano de contratación competente para este procedemento en aplicación do previsto no punto 7.3 do DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA).

Polo exposto, e en uso das facultades delegadas de contratación de bens, servizos e obras, atribuídas segundo o art. 15.j dos Estatutos do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e acordo da Asemblea Xeral de data 7 de abril de 2021.

ACORDO

1. Aprobar o **EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09**, que ten por obxecto do contrato o **SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS**, por un orzamento base de licitación con IVE incluído de **8.000,00 €** euros e un valor estimado sen IVE de **6.611,57 €**.
2. Aprobar as **ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09**, e anexos.
3. Dispor a apertura do procedemento de adxudicación, procedendo a dar publicidade á mesma.

Asinado na data e lugar indicados na sinatura electrónica.

Asdo. Secretaria da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	VºP Presidente da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO, INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS,
XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO E ESPECIFICACIÓNS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE
IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS**

EX2021-09

1. INFORME DE NECESIDADE.

1.1. NECESIDADE QUE SE PRETENDE CUBRIR:

• **INTRODUCCIÓN.**

Segundo o Eurobarómetro 255 (2017), a mocidade europea sitúa a protección do medio ambiente como unha cuestión secundaria, o que pode explicar o feito que só o 5% da xente nova que cubriu a enquisa estivera involucrada en actividades da sociedade civil ou en organizacións encamiñadas a combater o cambio climático. Esta falta de compromiso e implicación da poboación xuvenil en temas políticos e cívicos é extensiva a toda Europa, de aí que para atenuar esta tendencia, as institucións e as entidades sociais deban promover unha participación activa das mozas e mozos.

Un dos eixos fundamentais do proxecto europeo ‘People and Planet’ é empoderar e mobilizar á xente nova na loita contra o cambio climático, ligando cuestións locais con problemáticas globais que teñen impacto na vida das persoas en calquera lugar do mundo. Para involucrar ao máximo número de mozas e mozos, é básico fomentar novas habilidades e ferramentas que lles permitan contribuír a este obxectivo dunha maneira creativa que, ao mesmo tempo, atraia a máis mocidade, dándolles a oportunidade de activarse e implicarse máis na súa comunidade.

Neste senso, os Obradoiros de Debuxo Urbano convértense nun instrumento e nunha oportunidade para atraer e involucrar a mocidade europea na asunción dun papel máis destacado na loita contra o cambio climático, a nivel local, nacional e global.

No caso do debuxo urbano ou “urban sketching”, as e os participantes porán en práctica as técnicas dun movemento creativo que se propón contar a realidade en primeira persoa a través do debuxo, celebrar a diversidade de miradas e compartilas cos demais. Un recurso expresivo que pon de relevo a capacidade de observación destas reporteiros e reporteiros visuais en relación coa temática escollida. Neste senso, seleccionárase en coordinación cos concellos un espazo ou situación que se localice no municipio e que permita reflexionar sobre o tema ‘People & Planet’.

As obras realizadas terán unha vida posterior tanto online como offline. Por unha parte, expóranse fisicamente nun espazo facilitado polo concello, complementándoas do xeito que sexa necesario para espallar a sensibilización. Doutra banda, dixitalízanse para difundir a través da páxina web do proxecto, redes sociais, etc. a xeito de exposición virtual. Ademais, da actividade xurdirá un “tool kit” que permitirá replicala noutros lugares. Para isto precísase especialización e experiencia no sector.

O proxecto ‘People & Planet: un destino común’ ten como obxectivo concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2021 e que se prolongará durante catro anos, busca tamén reforzar aos gobernos municipais na promoción de políticas públicas a prol do desenvolvemento sostible,

tendo en conta a interdependencia local-global. O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 19 entidades de oito Estados membros, entre elas o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de Cabo Verde.

- CONCRECIÓN DA NECESIDADE.

O contrato ten por obxecto a realización dos traballos SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS para a realización de:

- **Realizar un obradoiro ao aire libre en cada un dos dez (10) espazos ditaminados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en calquera dos concellos de Galicia (total, dez (10) obradoiros).** Os lugares de realización serán comunicados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á adxudicataria, unha vez que se teña definido o espazo de realización. O obxectivo é achegar ao alumnado á experiencia da representación da realidade desde o contacto directo coa natureza ou co contorno.
- **A duración de cada obradoiro será dun mínimo de catro (4) horas de duración nunha única xornada,** aínda que previamente poderá realizarse unha breve xuntanza ou enquisa online coas persoas inscritas se a adxudicataria o considera necesario.
- **Ensinar as técnicas básicas específicas do bosquejo de campo:** Ensinar ao alumnado conceptos básicos e consellos de execución na experiencia do debuxo e representación ao aire libre, así como encaixe e proporción, grafismo-liña de contorno e xestual, texturas e valoración tonal, nocións de perspectiva artística e composición.
- **Adaptar a formación ao público destinatario:** O público obxectivo da actividade son as mozas e mozos de entre quince (15) e trinta e cinco (35) anos, aínda que cada concello pode acoutar o rango de idade co que traballar. O grupo, integrado por unhas quince (15) persoas, pode configurarse a partir dun equipo de traballo xa existente previamente en cada Concello en cuestión (alumnado de materias artísticas, actividades extraescolares, etc.) ou ben ser un grupo constituído exclusivamente para a realización desta actividade. En todo caso, o nivel técnico das persoas participantes será de iniciación ou medio.
- **Sensibilizar sobre a emerxencia climática e a protección medioambiental a través do debuxo:** en cada obradoiro, alén de impartir cuestións técnicas do debuxo urbano, a licitadora deberá explicar o motivo da elección do emprazamento da actividade en tanto que está vinculado co coidado ambiental. Pode ser en positivo: un espazo natural protexido, unha horta de agricultura ecolóxica, un colmear, unha mobilización, exemplos de economía circular, etc. ou en negativo: unha lagoa contaminada, unha vertedura no monte, un bosque queimado, unha morea de coches circulando, malgastar auga, etc. O alumnado terá que representar ese espazo ou situación, achegando a súa visión particular a través do seu propio estilo pictórico e deixando clara a posta en valor ou denuncia do que acontece, para o que mesmo poderán integrar un pequeno texto, preferentemente en galego.
- **Supervisar a conexión local-global:** Nunha segunda fase da actividade e co obxectivo de fomentar a conexión local-global, o Fondo Galego facilitaralles ás persoas participantes no obradoiro unha imaxe semellante pero captada nun país do Sur, para que coñezan,

reflexionen de xeito crítico e plasmen esoutra representación. Cadaquén executará esta obra por libre no prazo establecido, pero a adxudicataria deberá responder as dúbidas que xurdan.

- **Encargarse da recompilación das obras realizadas polo alumnado en cada un dos obradoiros** e envalas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade segundo as indicacións determinadas por este.
- **Facilitar ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o “tool kit”** que permita replicar a actividade.
- **Tirar fotografías durante a realización de cada un dos obradoiros** e envalas no prazo de vinte e catro (24) horas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, así como tomar nota da asistencia e de calquera cuestión de relevancia que poida xurdir no transcurso da actividade.
- **Compilará a documentación precisa para garantir a dispoñibilidade dos dereitos de propiedade intelectual das obras indicadas nos tres (3) puntos anteriores en favor do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, nos termos da documentación que este achegará á adxudicataria.
- **Asesorar ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** sobre o mellor xeito de levar a cabo unha posterior exposición física e/ou virtual (a exposición é allea ao obxecto deste contrato).
- **O obxecto é único e indivisible**, abranguendo aos dez (10) Concellos e tanto a realización do obradoiro ao aire libre como as demais cuestións vinculadas e especificadas nos anteriores puntos.

1.2. IDONEIDADE DO CONTRATO PARA A COBERTURA DA NECESIDADE. O contrato proxectado, nos termos detallados neste documento, é idóneo no seu obxecto e contido para satisfacer as anteriores necesidades.

1.3. CUMPRIMENTO DE FINS. Esta contratación resulta necesaria para o cumprimento e realización dos fins do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, conforme ao previsto no artigo 2 dos seus estatutos, e correspóndese con actividades incluídas no artigo 3 dos mesmos estatutos.

2. EXISTENCIA DE CRÉDITO OU FINANZAMENTO DE ABONDO.

Nos orzamentos do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE para o exercicio vixente ten, e reservará, crédito adecuado e de abondo para afrontar os gastos correspondentes a esta contratación, consta partida orzamentaria para esta contratación, en concreto con cargo á subvención outorgada polo programa DEAR da Unión Europea pola Xunta de Galicia a través da sinatura do convenio de colaboración ‘People and Planet’, a executar ata o 31 de outubro de 2024.

3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

A cobertura da necesidade precisa de medios técnicos e humanos debidamente cualificados e formados dos cales, por mor da especialidade do obxecto do contrato, ademais de dedicación temporal e mesmo desprazamentos varios, cunhas características e intensidade que o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE non pode cubrir de maneira directa, debendo acudir á contratación externa.

4. XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

A natureza e obxecto do contrato, nos termos detallados neste documento, non permiten a división en lotes, a cal diminuíría a eficacia da prestación e, en definitiva, da cobertura da necesidade que se pretende cubrir:

- non hai diversas prestacións independentes, senón unha única actuación conxunta con varias fases, e o seu fraccionamento en subprestacións dificultaría, ou mesmo podería chegar a impedir, a correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico
- asemade, a hipotética -e imposible- división en lotes podería dar lugar á execución por unha pluralidade de contratistas, impedindo a correcta execución pola imposibilidade de coordinárense entre elas axeitadamente

De acordo co anterior, o obxecto é único e indivisible.

5. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO.

- Tense comprobado que o contrato non está suxeito á regulación harmonizada; conforme ao previsto no artigo 22.1.b) da LCSP, o límite fixado pola LCSP para ser considerado harmonizado non se supera, motivo polo que non se considera harmonizado.
- Á vista do tipo de contrato e do seu valor estimado, detallado no punto 7 desta memoria, de acordo co previsto no artigo 318 LCSP e no DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA), a adxudicación do contrato levarase a termo por medio do seguinte procedemento:
 - adxudicación directa
 - tramitación ordinaria (non de urxencia nin de emerxencia)

6. ESPECIFICACIÓNS DA CONTRATACIÓN.

As condicións que deberá cumprir a proposta da licitadora, e que terán carácter vinculante para ambas partes e, polo tanto, carácter contractual, serán as detalladas no documento de especificacións técnicas achegado xunto con esta memoria.

7. VALOR ESTIMADO.

- Base: seis mil seiscientos once con cincuenta e sete euros (6.611,57 €).
- I.V.E. (21%): mil trescentos oitenta e oito con corenta e tres euros (1.388,43 €).
- TOTAL: oito mil euros (8.000,00 €).

Os conceptos integrantes do prezo son os custos salariais e téñense calculado tendo en conta o previsto nos convenios colectivo de aplicación.

8. DURACIÓN.

A duración deste contrato será a necesaria para a prestación do servizo, e se estendera dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata o remate das tarefas de execución encomendadas á adxudicataria para a realización da actividade, establecéndose como data final o 1 de outubro de 2022, data na cal deberán estar realizados todos os traballos detallados no documento de especificacións técnicas da contratación.

O prazo de execución non será prorrogable en ningún caso.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Establecerase a adxudicación do contrato atendendo a unha pluralidade de criterios, ao tratarse dun contrato de servizos cuxa definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas.

Os criterios para a valoración das ofertas presentadas polos licitadores sumarán un total de 100 puntos.

Os criterios cualitativos establecidos permitirán avaliar a mellor relación calidade prezo en canto á organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato que vaia executar o mesmo, xa que afectará de xeito significativo na súa mellor execución.

Os criterios seleccionados polo órgano de contratación son:

CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA: Máximo sesenta e cinco puntos e medio (65,50 puntos)

CRITERIO	MÁXIMO
a. OFERTA ECONÓMICA	Ata 50 puntos
Obterá a máxima puntuación a oferta que presente a oferta máis favorable (base, sen ter en conta o IVE)	50 puntos
O resto de ofertas serán valoradas segundo os seguintes tramos: Entre 6.600,00€ e 6.400,01€: 44 puntos Entre 6.400,00€ e 6.200,01€: 46 puntos Entre 6.200,01€ e 6.000,00€: 48 puntos	Ata 48 puntos
<ul style="list-style-type: none"> b. PERSOAL EN SITUACIÓN DE RISCO OU EXCLUSIÓN SOCIAL 	Ata 0,5 puntos
<ul style="list-style-type: none"> Todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) atópase en calquera das situacións de risco ou exclusión social conforme á Lei 	0,5

10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei).	
c. USO DO GALEGO	Ata 0,5 puntos
Uso do galego na presentación da proposta.	0,5
d. EQUIDADE DE XÉNERO	Ata 0,5 puntos
Obterán a puntuación aquelas licitadoras que contén cun mínimo dunha (1) muller adscrita a este contrato.	0,5
e. VALORACIÓN DE TITULACIÓNS	Ata 14 puntos
Se todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) ten titulacións oficiais do Ministerio de Educación y Formación Profesional, valorándose unha soa titulación no suposto de contar coas dúas: <ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en Belas Artes • Técnico/a en Artes Plásticas e Deseño 	9 puntos
Se todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) ten titulacións oficiais, valorándose unha soa titulación no suposto de contar coas dúas: <ul style="list-style-type: none"> • Máster (unicamente se valorará un máximo dun máster e sempre que teña relación directa co obradoiro a impartir) 1,5 puntos • Curso de especialización específica en debuxo urbano ou “urban sketching” e con duración a partir de 10 horas (unicamente se valorará un máximo dun curso) 1 punto 	Ata 1,5 puntos
Se todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) ten titulacións oficiais, valorándose unha soa titulación no suposto de contar coas dúas: <ul style="list-style-type: none"> • Titulacións oficiais de: Grao en Ciencias Ambientais, Grao en Enxeñería Forestal e do Medio Natural, Enxeñería Forestal, Grao en Enxeñería Agroambiental, Enxeñería Agrícola, Grao en Xeografía, Análise territorial e Sustentabilidade, Grao en Bioloxía Ambiental (unicamente se valorará un máximo dunha titulación) 3,5 puntos. 	Ata 3,5 puntos

<ul style="list-style-type: none"> Curso sobre medio ambiente e/ou sustentabilidade, cun mínimo de dez (10) horas (unicamente se valorará un máximo dun curso) <p style="text-align: right;">2 puntos.</p>	
f. PROPOSTAS DE MELLORA	Ata 4 puntos
Incremento do número de horas dedicado a cada obradoiro de cada Concello, tendo en conta que se establece un mínimo de catro (4) horas distribuídas nunha única xornada por cada un dos dez (10) Concellos: un (1) punto por cada hora incrementada, ata un máximo de catro (4) horas de incremento, que se xustificará a través de declaración responsable.	4 puntos

Para a xustificación dos criterios avaliados de xeito automático as licitadoras presentarán as declaracións responsables debidamente asinadas e seladas, de ser o caso, conforme os Anexos I e II, debendo de achegar a documentación acreditativa unha vez sexa seleccionada como adxudicataria.

CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR: Máximo trinta e catro puntos e medio (34,50 puntos)

As licitadoras deberán obter a metade da puntuación máxima, é dicir, deberán obter un mínimo de dezasete puntos e cuarto (17,25 puntos) para poder optar á adxudicación do contrato.

As propostas que obteñan unha puntuación inferior a dezasete puntos e cuarto (17,25 puntos) serán desestimadas.

A) CONTIDOS TÉCNICOS A ABORDAR NOS OBRADOIROS E A SÚA ADECUACIÓN AO PÚBLICO OBXECTIVO.	Ata 17,25 puntos
B) ESTRATEXIA DE TRANSVERSALIZACIÓN DA TEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL.	Ata 17,25 puntos

10. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

- Base: seis mil seiscentos once con cincuenta e sete euros (6.611,57 €).
- I.V.E. (21%): mil trescentos oitenta e oito con corenta e tres euros (1.388,43 €).
- TOTAL: oito mil euros (8.000,00 €).

11. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Á vista do tipo de contrato, do seu valor estimado e do seu procedemento de adxudicación, e de acordo co previsto no artigo 318 LCSP e no DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA), o órgano de contratación é a Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, ao cal se remite esta memoria para a súa modificación ou aprobación.

Santiago de Compostela (A Coruña), a 13 de agosto de 2021.

Asdo. Andrea -Manuela Corzo García

Departamento técnico do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN
DUN SERVIZO DE IMPARTICACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ
CONCELLOS GALEGOS EX2021-09

Acción contemplada dentro do proxecto **‘People and Planet: un destino común’**, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa DEAR.

1. INTRODUCCIÓN.

Segundo o Eurobarómetro 255 (2017), a mocidade europea sitúa a protección do medio ambiente como unha cuestión secundaria, o que pode explicar o feito que só o 5% da xente nova que cubriu a enquisa estivera involucrada en actividades da sociedade civil ou en organizacións encamiñadas a combater o cambio climático. Esta falta de compromiso e implicación da poboación xuvenil en temas políticos e cívicos é extensiva a toda Europa, de aí que para atenuar esta tendencia, as institucións e as entidades sociais deban promover unha participación activa das mozas e mozos.

Un dos eixos fundamentais do proxecto europeo ‘People and Planet’ é empoderar e mobilizar á xente nova na loita contra o cambio climático, ligando cuestións locais con problemáticas globais que teñen impacto na vida das persoas en calquera lugar do mundo. Para involucrar ao máximo número de mozas e mozos, é básico fomentar novas habilidades e ferramentas que lles permitan contribuír a este obxectivo dunha maneira creativa que, ao mesmo tempo, atraia a máis mocidade, dándolles a oportunidade de activarse e implicarse máis na súa comunidade.

Neste senso, os Obradoiros de Debuxo Urbano convértense nun instrumento e nunha oportunidade para atraer e involucrar a mocidade europea na asunción dun papel máis destacado na loita contra o cambio climático, a nivel local, nacional e global.

No caso do debuxo urbano ou “urban sketching”, as e os participantes porán en práctica as técnicas dun movemento creativo que se propón contar a realidade en primeira persoa a través do debuxo, celebrar a diversidade de miradas e compartilas cos demais. Un recurso expresivo que pon de relevo a capacidade de observación destas reporteiras e reporteiros visuais en relación coa temática escollida. Neste senso, seleccionárase en coordinación cos concellos un espazo ou situación que se localice no municipio e que permita reflexionar sobre o tema ‘People & Planet’.

As obras realizadas terán unha vida posterior tanto online como offline. Por unha parte, expanse fisicamente nun espazo facilitado polo concello, complementándoas do xeito que sexa necesario para espallar a sensibilización. Doutra banda, dixitalízanse para difundir a través da páxina web do proxecto, redes sociais, etc. a xeito de exposición virtual. Ademais, da actividade xurdirá un “tool kit” que permitirá replicala noutros lugares.

O proxecto ‘People & Planet: un destino común’ ten como obxectivo concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2021 e que se prolongará durante catro anos, busca tamén reforzar aos gobernos municipais na promoción de políticas públicas a prol do desenvolvemento sostible,

tendo en conta a interdependencia local-global. O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 19 entidades de oito Estados membros, entre elas o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de Cabo Verde.

2. OBXECTO.

Nese marco, este contrato ten por obxecto a realización do SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS (en total, 10 obradoiros), que consistirá en:

- Sensibilizar sobre a emerxencia climática e a protección medioambiental a través do debuxo.
- Ensinar as técnicas básicas específicas do bosquejo de campo.
- Capacitar ás persoas asistentes no potencial da arte para a transformación social.

3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO

3.1. PRESTACIÓNS INCLUÍDAS. As prestacións incluídas, e ás cales deberá dar completa cobertura a adxudicataria, concréntanse en:

- **Realizar un obradoiro ao aire libre en cada un dos dez (10) espazos ditaminados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en calquera dos concellos de Galicia (total, dez (10) obradoiros).** Os lugares de realización serán comunicados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á adxudicataria, unha vez que se teña definido o espazo de realización. O obxectivo é achegar ao alumnado á experiencia da representación da realidade desde o contacto directo coa natureza ou co contorno.
- **A duración de cada obradoiro será dun mínimo de catro (4) horas de duración nunha única xornada,** aínda que previamente poderá realizarse unha breve xuntanza ou enquisa online coas persoas inscritas se a adxudicataria o considera necesario.
- **Ensinar as técnicas básicas específicas do bosquejo de campo:** Ensinar ao alumnado conceptos básicos e consellos de execución na experiencia do debuxo e representación ao aire libre, así como encaixe e proporción, grafismo-liña de contorno e xestual, texturas e valoración tonal, nocións de perspectiva artística e composición.
- **Adaptar a formación ao público destinatario:** O público obxectivo da actividade son as mozas e mozos de entre quince (15) e trinta e cinco (35) anos, aínda que cada concello pode acoutar o rango de idade co que traballar. O grupo, integrado por unhas quince (15) persoas, pode configurarse a partir dun equipo de traballo xa existente previamente en cada Concello en cuestión (alumnado de materias artísticas, actividades extraescolares, etc.) ou ben ser un grupo constituído exclusivamente para a realización desta actividade. En todo caso, o nivel técnico das persoas participantes será de iniciación ou medio.
- **Sensibilizar sobre a emerxencia climática e a protección medioambiental a través do debuxo:** en cada obradoiro, alén de impartir cuestións técnicas do debuxo urbano, a licitadora deberá explicar o motivo da elección do emprazamento da actividade en tanto que está vinculado co coidado ambiental. Pode ser en positivo: un espazo natural protexido, unha horta de agricultura ecolóxica, un colmear, unha mobilización, exemplos de economía circular, etc. ou en negativo: unha lagoa contaminada, unha vertedura no monte, un bosque queimado, unha morea de coches circulando, malgastar auga, etc. O alumnado terá que representar ese espazo ou situación, achegando a súa

visión particular a través do seu propio estilo pictórico e deixando clara a posta en valor ou denuncia do que acontece, para o que mesmo poderán integrar un pequeno texto, preferentemente en galego.

- **Supervisar a conexión local-global:** Nunha segunda fase da actividade e co obxectivo de fomentar a conexión local-global, o Fondo Galego facilitaralles ás persoas participantes no obradoiro unha imaxe semellante pero captada nun país do Sur, para que coñezan, reflexionen de xeito crítico e plasmen esoutra representación. Cadaquén executará esta obra por libre no prazo establecido, pero a adxudicataria deberá responder as dúbidas que xurdan.
- **Encargarse da recompilación das obras realizadas polo alumnado en cada un dos obradoiros** e envialas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade segundo as indicacións determinadas por este.
- **Facilitar ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o “tool kit”** que permita replicar a actividade.
- **Tirar fotografías durante a realización de cada un dos obradoiros** e envialas no prazo de vinte e catro (24) horas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, así como tomar nota da asistencia e de calquera cuestión de relevancia que poida xurdir no transcurso da actividade.
- **Compilará a documentación precisa para garantir a dispoñibilidade dos dereitos de propiedade intelectual das obras indicadas nos tres (3) puntos anteriores en favor do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, nos termos da documentación que este achegará á adxudicataria.
- **Asesorar ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** sobre o mellor xeito de levar a cabo unha posterior exposición física e/ou virtual (a exposición é allea ao obxecto deste contrato).

3.2. IDIOMA. Os obradoiros de debuxo urbano deberán ser impartidos exclusivamente en lingua galega.

3.3. DIRECCIÓN TÉCNICA. A **dirección técnica** para a realización deste contrato corresponde á adxudicataria, que deberá proporlle ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a persoa designada para exercer esta función durante toda a realización do contrato, quen será a encargada de organizar a execución dos traballos e de pór en práctica as instrucións recibidas do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e será a súa interlocutora única.

Non será posible a substitución da dirección técnica sen a conformidade do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, pero este poderá solicitarlle á adxudicataria, de forma motivada, a designación dunha nova dirección técnica cando se aprecie que a marcha dos traballos non é a adecuada ou concorran outras circunstancias que así o aconsellen.

3.4. PERSOAL. O **persoal** estará sometido ao poder de dirección e organización da adxudicataria (retribucións, horarios, instrucións e calquera outro elemento propio da relación laboral) e a todo o ámbito e orde legalmente establecida, sendo por tanto, esta a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, seguridade social, prevención de riscos laborais e tributaria, por canto devandito persoal en ningún caso terá vinculación xurídica nin laboral co Fondo Galego de

Cooperación e Solidariedade e todo isto con independencia das facultades de control e inspección que legal e/ou contractualmente corresponden ao mesmo.

3.5. MEDIOS MATERIAIS. Así mesmo, a adxudicataria achegará todos os medios materiais necesarios para a correcta execución do contrato. No entanto, o Fondo Galego farase cargo do custo dos materiais correspondentes ao alumnado participante nos obradoiros.

3.6. OBRIGAS. No presente contrato a adxudicataria cumprirá coas obrigas aplicables en materia **ambiental, social e laboral** establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito español, os convenios colectivos e as disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado español.

O incumprimento destas obrigas e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pago dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición das penalidades a que se refire o artigo 192 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

3.7. OBRIGAS ESPECÍFICAS. A adxudicataria cumprirá coas seguintes obrigas específicas:

- Respecto dos Dereitos Humanos Universais durante todo o proceso de realización dos traballos referidos, acreditándose por medio de declaración responsable.
- Defensa da igualdade de xénero, acreditándose por medio de declaración responsable.
- Emprego de materiais de baixo impacto ambiental, acreditándose por medio de declaración responsable.
- Respecto dos códigos deontolóxicos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento.
- Cumprirá coas seguintes obrigas específicas derivadas do convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Marquês de Valle Flôr e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o desenvolvemento do proxecto 'People and Planet: un destino común': a entidade adxudicataria comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións enmarcadas no presente contrato, polo que deberá incorporar os logos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do proxecto no que se enmarca a actividade, da Unión Europea e de cada Concello no cal se efectúe o obradoiro todos os materiais e presentacións realizadas no marco do contrato.
- A adxudicataria debe garantir que a titularidade dos dereitos de explotación dos documentos entregados corresponderá ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade con carácter exclusivo, sen prexuízo dos dereitos que este outorgue ao concello en relación co cal se teña prestado o servizo.
- A adxudicataria deberá xestionar e obter os permisos administrativos correspondentes para o uso dos espazos designados para o desenvolvemento de cada obradoiro en cada concello.

4. REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA E A SÚA ACREDITACION.

4.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. Os requisitos mínimos de solvencia económica e financeira consistirán nun dos dous seguintes e poderán acreditarse dunha das dúas seguintes maneiras:

- Ou ben o volume anual de negocios dun mínimo de DEZASETE MIL CINCOCENTOS EUROS (17.500,00 €), referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades da licitadora e a data límite de presentación das ofertas, acreditándose por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a licitadora estivese inscrito en devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios e as empresarias individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
- Ou ben o xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a SETE MIL EUROS (7.000,00 €), acreditándose mediante a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente até o fin do prazo de presentación de ofertas, polo citado importe, achegando ademais o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido pola licitadora que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscrición, en caso de resultar adxudicataria, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

4.2. SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL. Os requisitos mínimos de solvencia técnica e profesional consistirán en experiencia, coñecementos e medios no eido social de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Para determinar que un traballo ou servizo é de igual ou similar natureza ao que constitúe o obxecto do contrato, considerarase o CPV 92000000-1 “Servizos de esparcemento, culturais e deportivos”, así como calquera código do CNAE 2020 ou do IAE relacionado co anterior CPV ou cos servizos obxecto deste contrato.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

A duración deste contrato será a necesaria para a prestación do servizo, e se estenderá dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata 12 meses despois, establecéndose como data final o xoves 1 de outubro de 2022, data na cal deberán estar realizados todos os traballos encomendados detallados no documento de especificacións técnicas da contratación.

O prazo de execución non será prorrogable en ningún caso.

6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- Base: seis mil seiscentos once con cincuenta e sete euros (6.611,57 €).
- I.V.E. (21%): mil trescentos oitenta e oito con corenta e tres euros (1.388,43 €).
- TOTAL: oito mil euros (8.000,00 €).

7. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

A proposta deberá recibirse antes das 15:00 horas do día 15 de setembro de 2021 na Oficina Técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (Centro Sur, R/Luís Braille nº40, 36003 Pontevedra), por correo postal certificado ou mensaxería.

8. CONTIDO DA PROPOSTA E DOCUMENTACIÓN

Cada licitadora poderá presentar unha única proposta.

A proposta poderá presentarse en galego ou castelán.

A proposta deberá remitirse nun único sobre indicando no seu exterior PROPOSTA PARA O SERVIZO DE IMPARTICACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09.

Dentro do sobre incluíranse á súa vez dous sobres, que deberán incorporar os seguintes documentos, debendo achegarse ambos e sen poder incluírse máis:

A) Sobre A: Solicitude e oferta técnica

1. **Solicitude e declaración responsable asinada (Anexo I).**
2. **Oferta técnica (Anexo II):** A licitadora deberá presentar unha proposta técnica segundo o modelo da memoria. En todos os casos, empregarase tipografía Arial ou equivalente tamaño 10 e interliñado de 1'5 puntos.

B) Sobre B: Oferta económica e criterios avaliados de forma automática (Anexos III e IV).

1. **Oferta económica e criterios avaliados de forma automática (Anexos III e IV).**
 - A oferta económica presentarse no formato do Anexo III, expresando os valores en euros. Nas ofertas entenderanse comprendidos, a todos os efectos, os tributos de toda índole que graven os distintos conceptos sen que poidan ser repercutidos como partida independente. Non se aceptarán aquelas que presenten omisións, erros ou riscadas, nin tampouco as que se consideren desproporcionadas ou anormais.
 - Os documentos correspondentes aos outros criterios avaliados de forma automática presentarse no formato do Anexo IV, xunto coa documentación acreditativa conforme ao exposto neste documento.

Ambos sobres deberán estar identificados, indicando no seu exterior SOBRE A ou SOBRE B, segundo proceda.

9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

9.1. O contrato adxudicarse directamente á licitadora con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato á proposta máis vantaxosa conforme aos criterios detallados neste documento de especificacións técnicas e administrativas particulares.

9.2 O órgano de contratación é a Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

9.3. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ten a facultade de declarar a adxudicación deserta cando non se presentaran ofertas ou non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios fixados para a contratación, sen que xere dereitos algúns aos ofertantes.

9.4. Rematado o prazo de recepción de ofertas, o 17 de setembro de 2021 ás 10:00 horas no lugar e forma determinada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, en acto público abrirase o sobre A), contendo:

- a Solicitude e declaración responsable asinada (Anexo I).
- a Oferta técnica (Anexo II)

9.5. Revisada a súa corrección formal e de fondo do Sobre A) e da documentación correspondente, e acordadas polo órgano de contratación as licitadoras admitidas e as excluídas, darase traslado do contido do Sobre A) á persoa designada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para efectuar a avaliación dos criterios non avaliábeis de forma automática e cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, que será debidamente identificada nese acto, para que esta emita un informe no prazo máximo de sete (7) días naturais en relación con cada oferta recibida, e remita o seu resultado ao órgano de contratación (Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade).

9.6. En sesión do órgano de contratación, abrirase o Sobre B) publicamente, notificando o día e hora de apertura por correo electrónico cun mínimo de corenta e oito (48) horas de antelación con respecto á sesión de apertura pública, comprobarase a súa corrección formal e de fondo, e procederáse de inmediato e en unidade de acto á avaliación dos criterios avaliábeis de forma automática e á formulación da correspondente proposta de adxudicación e adopción da decisión que corresponda.

9.7. As xuntanzas do órgano de contratación poderán ser presenciais ou poderán celebrarse por calquera dos mecanismos previstos polo artigo 3 do *Real Decreto-ley 34/2020, de 17 de novembro, de medidas urgentes de apoio a la solvencia empresarial y al sector energético, y en materia tributaria*, ou calquera outra normativa vixente no momento de se celebrar a mesma, e respectando todos os requirimentos impostos polas autoridades competentes para o caso de se manter a situación de emerxencia sanitaria galega, ou outra situación excepcional debidamente declarada polas respectivas autoridades competentes.

9.8. Ás xuntanzas do órgano de contratación poderán asistir como convidado con voz a petición de calquera membro do órgano de contratación, e sen voto, o persoal técnico que este considere oportuno, en particular quen teña/n efectuado a avaliación da proposta técnica ou a asesoría xurídica.

9.9. Licitadoras e adxudicataria serán notificadas do resultado vía correo electrónico.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A puntuación máxima que se poderá obter será de cen (100) puntos.

10.1 CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA: Máximo sesenta e cinco puntos e medio (65,50 puntos)

CRITERIO	MÁXIMO
a. OFERTA ECONÓMICA	Ata 50 puntos
Obterá a máxima puntuación a oferta que presente a oferta máis favorable (base, sen ter en conta o IVE)	50 puntos
O resto de ofertas serán valoradas segundo os seguintes tramos: Entre 6.600,00€ e 6.400,01€: 44 puntos Entre 6.400,00€ e 6.200,01€: 46 puntos Entre 6.200,01€ e 6.000,00€: 48 puntos	Ata 48 puntos
b. PERSOAL EN SITUACIÓN DE RISCO OU EXCLUSIÓN SOCIAL	Ata 0,5 puntos
Todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) atópase en calquera das situacións de risco ou exclusión social conforme á Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei).	0,5
c. USO DO GALEGO	Ata 0,5 puntos
Uso do galego na presentación da proposta.	0,5
d. EQUIDADE DE XÉNERO	Ata 0,5 puntos
Obterán a puntuación aquelas licitadoras que contén cun mínimo dunha (1) muller adscrita a este contrato.	0,5
e. VALORACIÓN DE TITULACIÓNS	Ata 14 puntos
Se todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) ten titulacións oficiais do Ministerio de Educación y Formación Profesional, valorándose unha soa titulación no suposto de contar coas dúas: <ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en Belas Artes • Técnico/a en Artes Plásticas e Deseño 	9 puntos
Se todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) ten titulacións oficiais, valorándose unha soa titulación no suposto de contar coas dúas:	Ata 1,5 puntos

<ul style="list-style-type: none"> Máster (unicamente se valorará un máximo dun máster e sempre que teña relación directa co obradoiro a impartir) 1,5 puntos Curso de especialización específica en debuxo urbano ou “urban sketching” e con duración a partir de 10 horas (unicamente se valorará un máximo dun curso) 1 punto 	
<p>Se todo o persoal adscrito ao contrato (todas as persoas que van impartir os obradoiros) ten titulacións oficiais, valorándose unha soa titulación no suposto de contar coas dúas:</p> <ul style="list-style-type: none"> Titulacións oficiais de: Grao en Ciencias Ambientais, Grao en Enxeñería Forestal e do Medio Natural, Enxeñería Forestal, Grao en Enxeñería Agroambiental, Enxeñería Agrícola, Grao en Xeografía, Análise territorial e Sustentabilidade, Grao en Bioloxía Ambiental (unicamente se valorará un máximo dunha titulación) 3,5 puntos. Curso sobre medio ambiente e/ou sustentabilidade, cun mínimo de dez (10) horas (unicamente se valorará un máximo dun curso) 2 puntos. 	Ata 3,5 puntos
f. PROPOSTAS DE MELLORA	Ata 4 puntos
<p>Incremento do número de horas dedicado a cada obradoiro de cada Concello, tendo en conta que se establece un mínimo de catro (4) horas distribuídas nunha única xornada por cada un dos dez (10) Concellos: un (1) punto por cada hora incrementada, ata un máximo de catro (4) horas de incremento, que se xustificará a través de declaración responsable.</p>	4 puntos

Para a xustificación dos criterios avaliados de xeito automático as licitadoras presentarán as declaracións responsables debidamente asinadas e seladas, de ser o caso, conforme os Anexos I e II, debendo de achegar a documentación acreditativa unha vez sexa seleccionada como adxudicataria.

10.2 CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR: Máximo trinta e catro puntos e medio (34,50 puntos)

As licitadoras deberán obter a metade da puntuación máxima, é dicir, deberán obter un mínimo de dezasete puntos e cuarto (17,25 puntos) para poder optar á adxudicación do contrato.

As propostas que obteñan unha puntuación inferior a dezasete puntos e cuarto (17,25 puntos) serán desestimadas.

A) CONTIDOS TÉCNICOS A ABORDAR NOS OBRADOIROS E A SÚA ADECUACIÓN AO PÚBLICO OBXECTIVO.	Ata 17,25 puntos
B) ESTRATEXIA DE TRANSVERSALIZACIÓN DA TEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL.	Ata 17,25 puntos

No caso de empate, establécense os seguintes criterios que se seguirán por esta orde:

1º. Os previstos no artigo 147 LCSP e na orde prevista no citado artigo.

2º. Ter no seu cadro de persoal un número de traballadores e traballadoras fixo con discapacidade superior ao 2 por 100 (2%), mesmo cando isto non sexa un requisito esixido pola lei.

3º. Maior porcentaxe de traballadores e traballadoras fixo con discapacidade no seu cadro de persoal.

4º. O derradeiro e definitivo criterio de desempate será o sorteo.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate achegarase no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

11.1. O contrato formalizarase por escrito no prazo máximo de cinco días hábiles desde a recepción da notificación de adxudicación, previa achega por parte da adxudicataria da documentación acreditativa daqueles aspectos expostos na declaración responsable que non tivesen sido achegados, en particular a documentación acreditativa das contratacións do seguro, se fose o caso, e das contratacións laborais, tamén se fose o caso.

11.2 Asemade, a obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social deberá cumprirse:

- no momento de presentar a proposta por parte da licitadora
- ademais, no momento de asinar o contrato, para o caso de ser adxudicataria

A documentación acreditativa (certificados expedidos pola *Agencia Estatal de Administración Tributaria*, pola Axencia Tributaria de Galicia e pola Tesorería General de la Seguridad Social) deberá referirse a ambos momentos, é dicir, á data de presentación da proposta por parte da licitadora e máis á data de sinatura do contrato por parte da adxudicataria.

Para o caso de non achegar a documentación referida a un momento (presentación da proposta) ou a outro (sinatura do contrato), entenderanse incumpridas as condicións contractuais e deixarase sen efecto a adxudicación, pasando automaticamente á seguinte licitadora.

11.3. Non se admitirá a cesión nin a subcontratación das actividades obxecto do contrato.

11.4. Se o contrato non se formaliza no período establecido por calquera causa imputable ao adxudicatario, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pode acordar a resolución do mesmo. Tamén poderá resolvelo en caso de reiteradas deficiencias na execución do servizo,

falsidade comprobada nos datos aportados ou introdución de modificacións sen autorización previa. Son tamén causas de resolución do contrato: non gardar sxiilo nas actuacións, o abandono do servizo e a inclusión do contratista nas prohibicións de contratar ou incompatibilidade conforme á normativa vixente e/ou ás condicións do presente documento de especificacións técnicas e administrativas particulares.

11.5. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade deberá ser indemnizado polos danos e perdas ocasionados pola resolución do presente contrato cando as causas sexan imputables á adxudicataria.

12. INCUMPRIMENTOS E PENALIDADES OU SANCIÓN.

12.1. O incumprimento das obrigas previstas no presente documento de especificacións técnicas e administrativas particulares poderá dar lugar á imposición de penalidades, á prohibición de contratar dos empresarios ou empresarias, ou á resolución do contrato naqueles supostos en que o seu incumprimento se cualifique como infracción grave.

12.1. Especificamente estableceranse as seguintes penalidades ou sancións en función dos incumprimentos que puidesen producirse:

12.1.1. Por demora na execución: a penalidade establecerase de conformidade co establecido no artigo 193.3 da LCSP.

12.1.2. Por cumprimento defectuoso. Considerarase como defecto grave e imporanse penalidades, o cumprimento defectuoso do obxecto do contrato nos seguintes casos:

- a) Cando se produzan erros no proceso de diagnose ou planificación ou incoherencias graves entre ambos, especialmente cando para unhas circunstancias substancialmente idénticas se propoñan accións substancialmente diferentes, de non haber unha motivación de abondo. Nestes casos imporase, unha penalidade económica do 10% do prezo do contrato por cada erro, IVE excluído.
- b) Por incumprimento por parte do adxudicatario da obriga recollida no artigo 196.1 da LCSP de indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Imporase unha penalidade económica do 10% do prezo do contrato por cada persoa non indemnizada, IVE excluído.
- c) Por incumprimento dos compromisos contraídos respecto dos medios materiais e persoais. Considerarase como defecto grave o incumprimento do compromiso de adscrición dos medios persoais establecidos ao contrato. Neste caso imporase una penalidade económica do 20% do prezo do contrato, IVE excluído.

12.1.3. Por incumprimento de obrigas. Considerarase como defecto grave o incumprimento das obrigas da adxudicataria que foron consideradas nos criterios de valoración, en concreto:

- Realización dos traballos de forma distinta á metodoloxía e procedemento presentado.
- Utilización dun esquema distinto ao que foi valorado.
- Realización dun modelo documento de planificación distinto ao que foi valorado.
- Desenvolvemento do servizo por persoal diferente do indicado, en particular a non contratación da/s persoa/s en situación ou risco de exclusión social que, no seu caso, tivesen comprometido.

Nestes casos, imponse, unha penalidade económica do 10% do prezo por cada incumprimento do contrato, IVE excluído.

12.2. A imposición de calquera penalidade como consecuencia dos incumprimentos establecidos nos apartados anteriores, realizarase previa tramitación do oportuno expediente administrativo que se incoará a este único efecto, no que quedará garantida a audiencia da adxudicataria con carácter previo á resolución.

13. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Os datos persoais recadados na presente licitación serán tratados, na súa condición de responsable, polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, coa finalidade de xestionar a contratación do servizo. A base xurídica do tratamento é o cumprimento de obriga legal derivada da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. Os datos conservaranse polo período legal esixido polas normativas laboral, fiscal e civil. Dereitos: ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Rúa Varsovia, 4C – 6º andar (Área Central), CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña). A autoridade de control competente é a Axencia Española de Protección de Datos.

14. RÉXIME XURÍDICO.

14.1. Este contrato rexerese polo previsto no libro terceiro, título primeiro (artigos 316 e ss.), e concordantes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

14.2. En particular, os efectos e extinción do contrato se rexerá polas normas de dereito privado, sen prexuízo da aplicación do disposto no artigo 319.1 da mesma norma; e a súa adxudicación efectuarase conforme aos requisitos e procedemento detallados neste documento de especificacións técnicas e administrativas particulares.

14.3. O réxime de recursos será o previsto no artigo 44.6 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

E calquera cuestión litixiosa non susceptible do recurso indicado no parágrafo anterior quedará sometida á xurisdición dos xulgados e tribunais do partido xudicial de Santiago de Compostela (A Coruña).

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE

1. IDENTIFICACIÓN

NOME E APELIDOS / DENOMINACIÓN
SOCIAL

N.I.F.

DOMICILIO SOCIAL

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

NOME E APELIDOS DA
REPRESENTANTE

D.N.I./N.I.E./PASAPORTE DA
REPRESENTANTE

DATOS DO DOCUMENTO DE
APODERAMENTO (lugar, data)

ENDEREZO POSTAL DE CONTACTO (só
se fose diferente ao domicilio social)

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO
(só se fose diferente ao correo
electrónico da licitadora)

2. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

1. Coñece o documento de **ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09**, acción contemplada dentro do proxecto 'People & Planet: un destino común', cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea, e acepto íntegra e incondicionalmente o seu contido e comprométome a executar o contrato de referencia con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados, e declara a exactitude e veracidade de todos os documentos presentados e o cumprimento de todas e cada unha das condicións para a contratación.
2. Ten solvencia económica e financeira de abondo, e para o caso de resultar adxudicataria acreditarao mediante (indicar o que proceda):
 - Documentación acreditativa de que o volume de negocios referido aos tres últimos exercicios pechados dispoñibles é o seguinte:

- Ano _____ Importe
- Ano _____ Importe
- Ano _____ Importe
- Documentación acreditativa do seguro de responsabilidade civil nos termos esixidos polo documento de especificacións técnicas e administrativas particulares (seguro ou compromiso vinculante de subscrición).

NON ACHEGAR NINGUNHA DOCUMENTACIÓN XUNTO CON ESTE ANEXO I, ESTA DOCUMENTACIÓN SERÁ ESIXIDA SÓ Á LICITADORA QUE RESULTE ADXUDICATARIA LOGO DE TERSE ACORDADO A ADXUDICACIÓN

3. Ten solvencia técnica e profesional de abondo, para a execución do correspondente proxecto, para o cal declaro que os principais traballos realizados durante os tres últimos anos teñen sido os que se relacionan:

OBXECTO DO CONTRATO	IMPORTE	ANO	CLIENTE	CÓDIGO

NON ACHEGAR NINGUNHA DOCUMENTACIÓN XUNTO CON ESTE ANEXO I, ESTA DOCUMENTACIÓN SERÁ ESIXIDA SÓ Á LICITADORA QUE RESULTE ADXUDICATARIA LOGO DE TERSE ACORDADO A ADXUDICACIÓN

4. A data de inicio da sinatura do contrato comprométese a estar de alta e inscrita no epígrafe correspondente no Imposto de actividades económicas e ao corrente do seu pagamento.
5. Na data da presentación desta solicitude atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
6. Na data de presentación desta solicitude non incorre en ningunha das prohibicións para contratar conforme á *Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.*
7. Comprométese a cumprir coas obrigas aplicables en materia ambiental, social e laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito español, os convenios colectivos e as disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado español.
8. Comprométese a respectar os Dereitos Humanos Universais durante todo o proceso de realización dos traballos referidos, así como a defender a igualdade de xénero e a empregar materiais de baixo impacto ambiental.

.....de.....de.....

(Sinatura)

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Responsable do tratamento: FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Fins do tratamento: xestión dos expedientes de contratación pública do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Base xurídica do tratamento: cumprimento de obrigaación legal derivada da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Persoas destinatarias: os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. Período de conservación: período legal. Dereitos: ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, así como a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos. Máis información: <https://fondogalego.gal/>

MEMORIA TÉCNICA

CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO
EN DEZ CONCELLOS GALEGOS

EX2021-09

ANO 2021

PARTE 1: PRESENTACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE (máximo 1 páxina)

(Presentación curricular da empresa/persoa licitadora, coa formación e traballos considerados de maior relevancia, no seu caso, tanto no eido artístico como no da sustentabilidade, especialmente co público obxectivo dos obradoiros)

PARTE 2: TÉCNICA PICTÓRICA SELECCIONADA PARA IMPARTIR OS OBRADOIROS E A XUSTIFICACIÓN DA SÚA ESCOLLA (máximo 1 páxina)

PARTE 3: RELACIÓN E ORZAMENTO APROXIMADO DOS MATERIAIS SUSTENTABLES NECESARIOS PARA O ALUMNADO PARTICIPANTE NOS OBRADORIOS. Optativamente pódese incorporar factura proforma. Xustificación do emprego de materiais ecolóxicos ou sostibles. (máximo 1 páxina)

PARTE 4: PLANIFICACIÓN TEMPORAL DOS OBRADOIROS (máximo 1 páxina)

PARTE 5: CONTIDOS TÉCNICOS A ABORDAR NOS OBRADOIROS E A SÚA ADECUACIÓN AO PÚBLICO OBXECTIVO (máximo 1 páxina)

PARTE 6: ESTRATEXIA DE TRANSVERSALIZACIÓN DA TEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL (máximo 1 páxina)

.....de.....de.....
(Sinatura)

ANEXO III. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

NOME E APELIDOS / DENOMINACIÓN
SOCIAL

N.I.F.

DOMICILIO SOCIAL

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

NOME E APELIDOS DA REPRESENTANTE

D.N.I./N.I.E./PASAPORTE DA
REPRESENTANTE

DATOS DO DOCUMENTO DE
APODERAMENTO (lugar, data)

ENDEREZO POSTAL DE CONTACTO (só se
fose diferente ao domicilio social)

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO (só
se fosse diferente ao correo electrónico da
licitadora)

MANIFESTA

Que, coñecendo as condicións para a contratación dun **SERVIZO DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09**, acción contemplada dentro do proxecto 'People & Planet: un destino común', cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea, e acepto íntegra e incondicionalmente o seu contido e comprométome a executar o contrato de referencia con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados, e declara a exactitude e veracidade de todos os documentos presentados e o cumprimento de todas e cada unha das condicións para a contratación.

Base:.....€

IVE: (.....%)€

Total:.....€

Para todos os efectos, esta oferta abrangue non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido na normativa vixente.

.....de.....de.....
(Sinatura)

NON ACHEGAR NINGUNHA DOCUMENTACIÓN XUNTO CON ESTE ANEXO III

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Responsable do tratamento: FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Fins do tratamento: xestión dos expedientes de contratación pública do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Base xurídica do tratamento: cumprimento de obrigaón legal derivada da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Persoas destinatarias: os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. Período de conservación: período legal. Dereitos: ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, así como a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos. Máis información: <https://fondogalego.gal/>

ANEXO IV. MODELO DE PROPOSICIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS

NOME E APELIDOS / DENOMINACIÓN
SOCIAL

N.I.F.

DOMICILIO SOCIAL

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

NOME E APELIDOS DA REPRESENTANTE

D.N.I./N.I.E./PASAPORTE DA
REPRESENTANTE

DATOS DO DOCUMENTO DE
APODERAMENTO (lugar, data)

ENDEREZO POSTAL DE CONTACTO (só
se fose diferente ao domicilio social)

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO
(só se fose diferente ao correo
electrónico da licitadora)

MANIFESTA

Que coñece o documento de **SERVIZO DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09**, acción contemplada dentro do proxecto 'People & Planet: un destino común', cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados no documento de especificacións técnicas e administrativas particulares, e, ademais **comprométese especificamente a:**

(Riscar o que proceda. Se non se marca o cadro ou non se completan os espazos non se terá en conta o criterio para a súa valoración)

Dedicar á execución do obxecto do contrato o seguinte número de **persoas en risco ou exclusión social**, conforme Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei): ____ (*indicar número: 0 ou o número que proceda*)

Usar o **galego** na execución de todos os servizos obxecto do contrato.

Dedicar á execución do obxecto do contrato o seguinte número de **mulleres**: ____
(indicar número: 0 ou o número que proceda)

Dedicar á execución do obxecto do contrato única e exclusivamente persoal coa/s
seguinte/s **titulación/s oficial/is** (indicar a/s que proceda/n subliñando SI ou NON):

Titulacións oficiais de: Licenciatura en Belas Artes e/ou Técnico/a en Artes Plásticas e Deseño.

Máster (unicamente se valorará un máximo dun máster e sempre que teña relación directa co obradoiro a impartir) : SI / NON

Curso de especialización específica en debuxo urbano ou “urban sketching” e con duración a partir de 10 horas (unicamente se valorará un máximo dun curso): SI / NON

Titulacións oficiais de: Grao en Ciencias Ambientais, Grao en Enxeñería Forestal e do Medio Natural, Enxeñería Forestal, Grao en Enxeñería Agroambiental, Enxeñería Agrícola, Grao en Xeografía, Análise territorial e Sustentabilidade, Grao en Bioloxía Ambiental (unicamente se valorará un máximo dunha titulación): SI / NON

Curso sobre medio ambiente e/ou sustentabilidade, cun mínimo de dez (10) horas (unicamente se valorará un máximo dun curso): SI / NON

Incrementar o seguinte **número de horas por riba do mínimo de catro (4)** en cada un dos obradoiros: ____ (indicar número: 0 -se se ofertan 4 horas- ou o número que proceda -1 se se oferta 1 hora máis, 2 se se ofertan 2 horas máis, 3 se se ofertan 3 horas máis ou 4 se se ofertan 4 horas máis

.....de.....de.....
(Sinatura)

NON ACHEGAR NINGUNHA DOCUMENTACIÓN XUNTO CON ESTE ANEXO IV, ESTA DOCUMENTACIÓN SERÁ ESIXIDA SÓ Á LICITADORA QUE RESULTE ADXUDICATARIA LOGO DE TERSE ACORDADO A ADXUDICACIÓN

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Responsable do tratamento: FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Fins do tratamento: xestión dos expedientes de contratación pública do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Base xurídica do tratamento: cumprimento de obrigación legal derivada da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Persoas destinatarias: os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. Período de conservación: período legal. Dereitos: ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, así como a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos. Máis información: <https://fondogalego.gal/>

**ACTA DE RECEPCIÓN E APERTURA DE SOBRES, AVALIACIÓN E ADXUDICACIÓN DA
CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO
URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09
17 DE SETEMBRO DE 2021**

Na Oficina Técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE en Centro Sur, R/Luís Braille nº40, 36003, Pontevedra, o 17 de setembro de 2021, ás 10:05 horas, coa participación da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, órgano de contratación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09, acción contemplada dentro do proxecto '*People and Planet: un destino común*', cofinanciado pola programa DEAR da Unión Europea, dada conta da única proposta recibida, procédese a abrir o sobre único, contendo a Solicitud e declaración responsable asinada (Anexo I) e a Oferta técnica (Anexo II) conforme ao previsto nos puntos 7 a 9 do PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Asisten á xuntanza da Comisión Executiva:

PERSOA	CARGO	FORMA DE ASISTENCIA (presencial/telemática)
Luísa Feijóo	Secretaria	telemática
Gumersindo Guinarte	Vogal	telemática

Excusan a súa asistencia:

PERSOA	CARGO
Juan González	Presidente
Ana Breixo	Vicepresidenta
Daniel Fernández	Tesoureiro
Marga Figueroa	Vogal
José Cela	Vogal
María Loureiro	Vogal
Manuel Cerdeira	Vogal

Asiste tamén Andrea Manuela García, técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, con voz e sen voto.

E asiste como público o representante da seguinte licitadora:

PERSOA	LICITADORA	FORMA DE ASISTENCIA (presencial/telemática)
Kiko da Silva	Retranca Editora S.L.- Garaxe Hermético	telemática

Coa concorrencia da Comisión Executiva, como órgano de contratación, e presidida nesta xuntanza por Luísa Feijóo, désígnase á técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Andrea Manuela García, para que exerza a función de secretaria desta xuntanza, redactando a correspondente acta e dando conta da única proposta recibida, comunicando á Comisión Executiva e ao público o número de propostas recibidas en forma e prazo, fóra de prazo, ou adocendo de requisitos de forma e a identidade das licitadoras, co seguinte desglose:

- Proposta recibida en forma e prazo:

LICITADORA	DATA RECEPCIÓN	OBSERVACIÓNS
Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético	15/09/2021	Non hai

- Propostas recibidas fóra de prazo: non hai.
- Propostas recibidas sen a forma debida: non hai.

A Comisión Executiva acorda por unanimidade declarar a admisión da única proposta presentada pola seguinte licitadora:

LICITADORA 1: Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético

Antes de proceder á apertura do sobre único, convídase ás asistentes a efectuar calquera manifestación, para deixar constancia e, se fose o caso, ser aclarada pola Comisión Executiva.

SOBRES A) E B)

Non formulándose ningunha, procédese conforme ao punto 9 do PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES á apertura do sobre admitido e a examinar formalmente a documentación presentada dentro do mesmo, co seguinte resultado:

APERTURA DO SOBRE PARA O EX2021-09 (único sobre indicando no seu exterior PROPOSTA PARA SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09).

Compróbase que a licitadora cometeu un erro formal ao nomear inadecuadamente o Sobre A e Sobre B, nomeándoos Anexo I e Anexo II respectivamente.

LICITADORA	SOBRE A (Nomeado Anexo I pola licitadora):	SOBRE A (Nomeado Anexo I pola licitadora): DOCUMENTACIÓN PROBATORIA DO ANEXO I	SOBRE B (Nomeado Anexo II)

	SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE ASINADA (ANEXO I)		pola licitadora)
Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético	si	CERTIFICADOS AXENCIA TRIBUTARIA, ATRIGA E SEGURIDADE SOCIAL	Achegan documentación probatoria de erro na páxina de ATRIGA, polo que non puideron descargar o certificado correspondente. Si achegan certificado da Seguridade

Así mesmo, compróbase tamén que a licitadora incluíu no SOBRE A un documento solicitado no SOBRE B. En consecuencia, o erro formal consistente en incluír un documento non solicitado no SOBRE A e, ademais, referíndose o documento expresamente a un dos CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, suporía a exclusión automática da licitadora por tal motivo.

Á vista do anterior, a Comisión Executiva acorda por unanimidade:

1. A admisión inicial da proposta presentada por Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético para a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIPACIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09.
2. A admisión da proposta a pesar de ter nomeado os Sobres A e B de xeito incorrecto, por ser a única entidade licitadora e non prexudicando a ningunha outra entidade.
3. A admisión da proposta a pesar de ter incluído documentación non solicitada dentro do Sobre A (nomeado Anexo I pola licitadora), referíndose o documento expresamente a un dos criterios de avaliáveis de forma automática, como é a proposición económica, por non prexudicar a ningunha outra entidade.
4. Proceder á apertura do Sobre B (nomeado Anexo II pola licitadora) e proceder a avaliar os criterios avaliáveis de xeito automático, por tratarse dunha única proposta presentada.

APERTURA DO SOBRE B

Antes de proceder á apertura do Sobre B convídase ás asistentes a efectuar calquera manifestación, para deixar constancia e, se fose o caso, ser aclarada pola Comisión Executiva. Non formulándose ningunha, procédese á apertura para comprobar que o

seu contido e formato axústase ao esixido polo no punto 8.b do PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, co seguinte resultado:

LICITADORA	SOBRE B): PROPOSTA ECONÓMICA (Anexo III)	SOBRE B): OUTROS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (Anexo IV)
Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético	Presentado no sobre A	X

A Comisión Executiva acorda por unanimidade declarar a corrección e admisión da proposta (Anexos III e IV) presentada por:

- LICITADORA 1: Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético

AVALIACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Procédese a examinar a proposta e a efectuar a súa avaliación consonte cos criterios detallados no punto 10.a do PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, co seguinte resultado:

	Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético
a.Oferta económica	Oferta económica: 6.611,57€ Puntos: 50
b. Persoal en situación ou risco de exclusión social	Non Puntos: 0
c. Uso do galego	Si Puntos: 0,5
d. Equidade de xénero	Si Puntos: 0,5
e. Valoración de titulacións	Non Puntos: 0
f. Propostas de mellora	Si Puntos: 1
TOTAL PUNTOS	52

Toma a palabra Kiko da Silva para comentar que, a pesar de contar con titulacións universitarias as dúas persoas que impartirán os obradoiros, non se mencionou nos documentos a propósito, xa que considera que na arte non se pode ter como indicador os títulos académicos, mais si a traxectoria das artistas ou os recoñecementos a nivel nacional ou internacional. Concretamente, apunta que para a banda deseñada non hai ningunha titulación oficial que acredite tal coñecemento.

AVALIACIÓN DOS CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR

Andrea García solicita un breve receso para proceder a revisar a proposta técnica. A Comisión executiva aproba a suxestión, co propósito de obter unha valoración global da proposta.

A avaliación dos criterios que dependen dun xuízo de valor resultou como segue:

	Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético
A) CONTIDOS TÉCNICOS A ABORDAR NOS OBRADOIROS E A SÚA ADECUACIÓN AO PÚBLICO OBXECTIVO.	17,25 puntos
B) ESTRATEXIA DE TRANSVERSALIZACIÓN DA TEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL.	17,25 puntos
TOTAL	34,50 puntos

AVALIACIÓN GLOBAL

Procédese á avaliación global, co seguinte resultado:

	Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético
a.Oferta económica	Oferta económica: 6.611,57€ Puntos: 50
b. Persoal en situación ou risco de exclusión social	Non Puntos: 0
c. Uso do galego	Si Puntos: 0,5
d. Equidade de xénero	Si

	Puntos: 0,5
e. Valoración de titulacións	Non Puntos: 0
f. Propostas de mellora	Si Puntos: 1
CONTIDOS TÉCNICOS A ABORDAR NOS OBRADOIROS E A SÚA ADECUACIÓN AO PÚBLICO OBXECTIVO.	17,25 puntos
ESTRATEGIA DE TRANSVERSALIZACIÓN DA TEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL.	17,25 puntos
TOTAL PUNTOS A+B	86,50 puntos

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista do anterior, propónse a adxudicación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09, acción contemplada dentro do proxecto 'People and Planet: un destino común', cofinanciado pola programa DEAR da Unión Europea, á entidade Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético polo importe de 8.000,00€, IVE incluído, e nas demais condicións detalladas na súa proposta técnica.

ADXUDICACIÓN

Á vista de todo o anterior, a Comisión Executiva acorda por unanimidade:

1. A adxudicación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS DE DEBUXO URBANO EN DEZ CONCELLOS GALEGOS EX2021-09, acción contemplada dentro do proxecto '*People and Planet: un destino común*', cofinanciado pola programa DEAR da Unión Europea, á entidade Retranca Editora S.L. – Garaxe Hermético polo importe de 8.000,00 €, IVE incluído, e nas demais condicións detalladas na súa proposta técnica.
2. Requirirle á adxudicataria a documentación correspondente para a formalización do contrato e, unha vez completada, requirila para a súa sinatura, encargando a Andrea Manuela García Corzo, técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE a execución deste acordo, coas demais cuestións accesorias e complementarias que procedan.

Antes de proceder ao peche da sesión, convídase novamente ás e aos asistentes a efectuar calquera manifestación, para deixar constancia e, se fose o caso, ser aclarada pola Comisión Executiva, sen producirse ningunha.

E á vista do anterior, a presidencia dá por rematada a xuntanza ás 10:50 horas.

E para que quede constancia do tratado, redáctase a acta que se someterá á sinatura das asistentes.

Luísa Feijóo

Gumersindo Guinarte